

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

18731 *Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O sector servizos é o sector máis importante, tanto da economía europea como da española, en termos económicos e de emprego e o que experimentou un maior desenvolvemento nos últimos anos. A esta expansión contribuíu, sen dúbida, o Tratado da Comunidade Europea, que consagra, xa en 1957, tanto a liberdade de establecemento como a liberdade de circulación de servizos dentro da Comunidade.

Con todo, tras cinco décadas de vixencia do Tratado, os avances nestas liberdades foron insuficientes para alcanzar un auténtico mercado único de servizos que lles permita aos prestadores, en particular ás pequenas e medianas empresas, estenderen as súas operacións máis aló das súas fronteiras nacionais e beneficiárense plenamente do mercado interior e que ao mesmo tempo ofrezca aos consumidores maior transparencia e información, proporcionándolles máis posibilidades de elección e uns servizos de calidade a prezos máis baixos. A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, en diante a Directiva, aprobada no marco da estratexia de Lisboa, responde a esta situación, ao establecer unha serie de principios de aplicación xeral para a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio dentro da Unión Europea.

En efecto, o sector servizos, polas súas características, está sometido a unha regulación complexa tanto en España como no resto de países da Unión Europea. En ocasións, esta regulación pode resultar obsoleta ou inadecuada e dar lugar a distorsións no funcionamento dos mercados de servizos como son a falta de competencia, as ineficiencias na asignación dos recursos ou a estreiteza dos mercados. En España, dada a importancia do sector servizos, estas distorsións xeran efectos negativos no conxunto da economía, contribúen ao diferencial de inflación cos países da nosa contorna, e limitan o avance da produtividade, o crecemento, a creación de emprego e, en definitiva, a mellora do benestar económico.

Por iso, esta lei, ao incorporar ao ordenamento xurídico a Directiva, adopta un enfoque ambicioso ao intensificar a aplicación dos seus principios, aínda que establece expresamente que os servizos non económicos de interese xeral quedan excluídos do seu ámbito de aplicación. O fin é impulsar a mellora da regulación do sector servizos, reducindo as trabas inxustificadas ou desproporcionadas ao exercicio dunha actividade de servizos e proporcionando un ambiente máis favorable e transparente aos axentes económicos que incentive a creación de empresas e xere ganancias en eficiencia, produtividade e emprego nas actividades de servizos, ademais do incremento da variedade e da calidade dos servizos dispoñibles para empresas e cidadáns. Así, a lei establece como réxime xeral o da liberdade de acceso ás actividades de servizos e o seu libre exercicio en todo o territorio español e regula como excepciónais os supostos que permiten impor restricións a estas actividades.

O obxecto desta lei é, pois, establecer as disposicións e os principios necesarios para garantir o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio realizadas en territorio español por prestadores establecidos en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea, simplificando os procedementos e fomentando ao mesmo tempo un nivel elevado de calidade nos servizos, promovendo un marco regulatorio transparente, predicible e favorable para a actividade económica, impulsando a modernización das administracións públicas para responder ás necesidades de empresas e consumidores e garantindo unha mellor protección dos dereitos dos consumidores e usuarios de servizos.

Agora ben, é importante destacar que para mellorar o marco regulador do sector servizos non basta co establecemento, mediante esta lei, das disposicións e dos principios xerais que deben rexer a regulación actual e futura das actividades de servizos. Pola contra, será necesario levar a cabo un exercicio de avaliación da normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio conforme os principios e criterios que esta lei establece e, de ser o caso, modificar ou derrogar esta normativa.

II

A lei consta dun total de 32 artigos, agrupados en seis capítulos, seis disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O capítulo I -«Disposicións xerais»- concreta o obxecto da lei e o seu ámbito de aplicación, e define algúns conceptos que son importantes para a súa comprensión.

A lei aplícase aos servizos que son ofrecidos ou prestados en territorio español por prestadores establecidos en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea. Desta forma, esta lei non se aplica a normas que deban ser respectadas pola sociedade no seu conxunto, xa sexan prestadores ou particulares, por exemplo, a normativa en materia de dereito penal ou as normas de comportamento na circulación. É dicir, a lei non interfere nos requisitos ou na normativa que teñen que ser respectados polos prestadores no exercicio da súa actividade económica do mesmo xeito que polos particulares na súa capacidade privada.

No mesmo sentido, esta lei non afecta as disposicións legais ou regulamentarias en materia de emprego e condicións de traballo, incluída a seguranza e a saúde no traballo, nin as cláusulas contidas en convenios colectivos ou en contratos individuais de traballo nin o exercicio de dereitos colectivos no ámbito laboral, como o dereito a negociar, celebrar e aplicar convenios colectivos e a emprender accións de conflito colectivo.

É importante destacar que a lei se refire unicamente ás actividades de servizos por conta propia que se realizan a cambio dunha contraprestación económica. Os servizos non económicos de interese xeral, que se realizan en ausencia da devandita contrapartida económica, non están cubertos polas disposicións do Tratado da Comunidade Europea relativas ao mercado interior, polo que non están incluídos no ámbito de aplicación da Directiva e, conseguintemente, tampouco no desta lei. Doutra banda, esta lei non afecta os requisitos que rexen o acceso aos fondos públicos, incluídas as condicións contractuais específicas e as normas de calidade que se deberán respectar como condición para percibilos.

Non se aplica esta lei, seguindo a Directiva, aos servizos financeiros; aos servizos e redes de comunicacións electrónicas; aos servizos no ámbito do transporte, incluídos os servizos portuarios; aos servizos das empresas de traballo temporal; aos servizos sanitarios; aos servizos audiovisuais, incluídos os servizos cinematográficos e a radiodifusión; ás actividades de xogo, incluídas as lotarías; aos servizos sociais relativos á vivenda social, a atención á infancia e o apoio a familias e persoas temporal ou permanentemente necesitadas, proporcionados directa ou indirectamente polas administracións públicas; nin aos servizos de seguranza privada.

Ademais, cabe sinalar que a Directiva tampouco se aplica ás actividades que supoñan o exercicio da autoridade pública. No noso ordenamento xurídico iso implica que os actos realizados por fedatarios públicos, así como polos rexistradores da propiedade e mercantís, quedan fóra do seu ámbito de aplicación. A lei tampouco se aplica ao ámbito tributario.

Doutra banda, convén sinalar que esta lei non se aplicará a aqueles aspectos concretos relacionados co acceso a unha actividade de servizos ou co seu exercicio rexidos por outros instrumentos comunitarios.

Por último, neste capítulo I defínense os conceptos necesarios para os efectos da aplicación desta lei: «servizo», «prestador», «destinatario», «Estado membro de establecemento», «establecemento», «establecemento físico», «autorización», «requisito», «declaración responsable», «réxime de autorización», «razón imperiosa de interese xeral», «autoridade competente», «profesión regulada» e «comunicación comercial».

Os dous seguintes capítulos abarcan a regulación da prestación de servizos nas súas dúas modalidades: con establecemento e sen establecemento.

Así, as disposicións do capítulo II -«Liberdade de establecemento dos prestadores de servizos»- son de aplicación a todos os casos en que un prestador se queira establecer en España. En primeiro lugar, o capítulo consagra o principio de liberdade de establecemento segundo o cal os prestadores de servizos españois ou de calquera outro Estado membro ou os legalmente residentes en España se poderán establecer libremente en territorio español para exerceren unha actividade de servizos de acordo co establecido nesta lei. Unha vez establecidos, os prestadores de servizos poderán exercer a súa actividade en todo o territorio nacional, sen prexuízo de que para a apertura dun establecemento físico noutra parte do territorio se poida requirir unha autorización.

Os réximes de autorización son un dos trámites máis comunmente aplicados aos prestadores de servizos, e constitúen unha restrición á liberdade de establecemento. A lei establece un principio xeral segundo o cal o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio non estarán suxeitos a un réxime de autorización. Unicamente se poderán manter réximes de autorización previa cando non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados. En particular, considerarase que non está xustificada unha autorización cando sexa suficiente unha comunicación ou unha declaración responsable do prestador, para facilitar, se é necesario, o control da actividade.

Os procedementos e trámites para a obtención das autorizacións deberán ser claros e darse a coñecer con antelación. Aplicarase o silencio administrativo positivo a estes procedementos salvo nos casos en que estea debidamente xustificada por unha razón imperiosa de interese xeral.

A continuación, a lei refírese ás limitacións temporais e territoriais das comunicacións, declaracións responsables ou autorizacións. En xeral, concederanse por tempo indefinido e terán efecto en todo o territorio español, o que non afectará a posibilidade das autoridades competentes de revogar as autorizacións ou de suspender a actividade cando se deixen de cumprir as condicións que deron lugar á obtención da autorización. Con isto promóvese un efecto positivo para a actividade económica, por canto as limitacións á eficacia territorial das comunicacións, declaracións responsables e autorizacións supoñen unha carga adicional para os prestadores que limita a súa mobilidade xeográfica e o seu crecemento. Só se poderá limitar o número de autorizacións cando estea xustificada pola escaseza de recursos naturais ou físicos ou por limitacións das capacidades técnicas que se utilizarán no desenvolvemento da actividade. Nestes casos haberá que seguir un procedemento de concorrencia que garanta a imparcialidade e a transparencia.

Ademais das condicións anteriores, a lei impón tamén obrigacións específicas en canto aos principios que deben cumprir os requisitos que regulen o acceso ás actividades de servizos e o exercicio delas para garantir que estes resulten menos gravosos e máis predicibles para os prestadores de servizos, e dispón que as administracións públicas non poderán exixir requisitos, controis ou garantías con finalidade equivalente á daqueles a que xa estea sometido o prestador noutro Estado membro.

O anterior complementase coa enumeración dunha serie de requisitos prohibidos, ao cumprimento dos cales, polo tanto, non se pode supeditar en ningún caso o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio. Trátase de requisitos discriminatorios ou excesivamente restritivos que deben ser eliminados e non ser reintroducidos no futuro.

Por último, o capítulo II recolle determinados requisitos que constitúen obstáculos graves para a liberdade de establecemento, polo que deben ser de aplicación excepcional e suxeitos a unha avaliación previa que demostre a súa xustificación para o suposto concreto de que se trate. A existencia destes requisitos só se poderá xustificar cando non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados.

O capítulo III -«Libre prestación de servizos para prestadores doutro Estado membro»- suprime os obstáculos que se opoñen á libre circulación dos servizos por parte dos prestadores sen establecemento en territorio español.

En primeiro lugar, o capítulo establece o principio de libre prestación de servizos en territorio español para os prestadores establecidos en calquera outro Estado membro. Tamén se enumeran determinados requisitos cuxa imposición se prohíbe expresamente polos seus efectos marcadamente restritivos sobre a libre prestación de servizos. Como excepción, establécese que se poida supeditar o acceso destes prestadores a unha actividade de servizos ou o seu exercicio temporal en territorio español ao cumprimento de requisitos cando estes non sexan discriminatorios por razón da nacionalidade ou domicilio social, estean xustificadas por razóns de orde pública, de seguranza pública, de saúde pública ou de protección do ambiente e sexan proporcionados.

Cabe sinalar que o anterior non será de aplicación a actividades concretas en determinados sectores regulados (postal, enerxético ou de augas, entre outros) nos cales existen obrigacións de servizo público e nos cales parece conveniente que os prestadores de servizos establecidos noutros Estados membros da Unión Europea (en diante «Estados membros») cumpran cos mesmos requisitos aplicables aos establecidos en España; nin ás materias reguladas en directivas comunitarias que conteñen normas máis específicas sobre a prestación transfronteiriza de servizos, como a Directiva 77/249/CEE do Consello das Comunidades Europeas, do 22 de marzo de 1977, dirixida a facilitar o exercicio efectivo da libre prestación de servizos polos avogados, e o título II da Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais.

Así mesmo, convén destacar que tamén se exceptúan as materias que abarca a Directiva 96/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1996, sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos, de maneira que aos traballadores desprazados a outro Estado membro lles son de aplicación as condicións de emprego e traballo establecidas no Estado membro en cuxo territorio se realiza o traballo. Estas condicións refírense, entre outras, a períodos máximos de traballo e mínimos de descanso, á contía do salario mínimo ou á saúde e á seguranza no traballo.

O principio de libre prestación de servizos non será obstáculo para que a prestación realizada en territorio español se axuste ao disposto na normativa española sobre protección de datos, sobre o desprazamento de nacionais de países terceiros, sobre a existencia de intervención dun notario, ou sobre os dereitos de propiedade intelectual, como tales, incluídos os de autor e afíns. Estas materias, aínda que son especificamente enumeradas na Directiva, non constitúen actividades de servizos nin regulan especificamente o acceso ou o exercicio de actividades de servizos, polo que non se considera necesaria a súa mención explícita no articulado desta lei, ao non estaren incluídas no seu ámbito de aplicación.

A lei tamén recolle excepcións ao principio de libre prestación de servizos de aplicación en casos individuais e por motivos relativos á seguranza dos servizos.

O capítulo IV -«Simplificación administrativa»- inclúe varios preceptos dirixidos á simplificación dos procedementos.

En concreto, as administracións públicas deberán eliminar os procedementos e trámites que non sexan necesarios ou substituílos por alternativas que resulten menos gravosas para os prestadores. De igual maneira, deberán aceptar os documentos emitidos por unha autoridade competente doutro Estado membro dos cales se desprenda que un requisito exixido en cuestión está cumprido, sen poder exixir a presentación de documentos

orixinais, copias compulsadas ou traducións xuradas, salvo nos casos previstos pola normativa comunitaria ou xustificados por motivos de orde pública e seguranza. Ademais, todos os procedementos e trámites se poderán realizar a distancia e por medios electrónicos, o que reducirá a carga que os procedementos supoñen tanto para os prestadores de servizos como para as autoridades públicas.

Adicionalmente ponse en marcha un sistema dun portelo único a través do cal os prestadores poderán levar a cabo nun único punto, por vía electrónica e a distancia, todos os procedementos e trámites necesarios para o acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

O capítulo V -«Política de calidade dos servizos»- inclúe as liñas de actuación ao redor das cales as administracións públicas fomentarán un alto nivel de calidade dos servizos así como as obrigacións dos prestadores, tanto respecto da información que deben prover como en materia de reclamacións.

Como medida para reforzar a protección dos consumidores e a seguranza no desempeño das actividades de servizos, establécese a posibilidade de exixir a contratación de seguros profesionais de responsabilidade civil ou garantías equivalentes para servizos que presenten riscos concretos para a saúde ou a seguranza dos destinatarios ou dun terceiro.

Por outra banda, para favorecerlles o acceso á información aos destinatarios dos servizos, suprímense as prohibicións totais de realizar comunicacións comerciais no caso das profesións reguladas e exíxese que as limitacións que se impoñan non sexan discriminatorias, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionadas.

Para finalizar, o capítulo mellora a calidade e a oferta dos servizos ofrecidos ao eliminar as restricións non xustificadas en materia de actividades multidisciplinares, de modo que non se poderá obrigar os prestadores de servizos a exercer unha única actividade de forma exclusiva, ben sexa a través da imposición de requisitos que obriguen a exercer de forma exclusiva unha actividade específica ou que restrinxan o exercicio conxunto ou en asociación de distintas actividades.

O capítulo VI -«Cooperación administrativa para o control efectivo dos prestadores»- está dirixido a facilitar unha cooperación eficaz coas autoridades dos Estados membros. Esta cooperación é moi importante na medida en que o reforzo da confianza no marco xurídico e na supervisión doutros Estados membros é necesaria para eliminar de trabas a libre prestación de servizos.

Así, este capítulo contén obrigacións xerais de cooperación, entre as cales destacan: a cooperación débese realizar de maneira directa entre autoridades competentes; a configuración da estrutura do sistema de cooperación; e a capacidade de consulta das autoridades competentes doutros Estados membros aos rexistros en que están inscritos prestadores de servizos.

Para que a cooperación entre as autoridades competentes dos Estados membros sexa efectiva, é necesario que os prestadores faciliten ás súas autoridades toda a información necesaria para a supervisión do cumprimento da normativa nacional, para o cal a lei inclúe unha serie de obrigacións de información dos prestadores.

Co fin de garantir unha supervisión eficaz e unha protección adecuada dos destinatarios dos servizos, a lei inclúe un mecanismo de alerta mediante o cal, se as autoridades competentes teñen coñecemento de actos ou circunstancias de carácter grave relativos a unha actividade ou a un prestador de servizos que poidan ocasionar prexuízos graves, aquelas informarán inmediatamente todos os Estados membros e a Comisión Europea.

O capítulo péchase coa obrigación das autoridades competentes españolas, por solicitude motivada das autoridades competentes doutros Estados membros, de comunicaren as medidas disciplinarias e as sancións administrativas firmes en vía administrativa que fosen adoptadas por calquera autoridade competente española, incluídos os colexios profesionais, respecto ao prestador e que garden relación directa coa súa actividade comercial ou profesional, respectando as normas sobre protección de datos persoais. Tamén se comunicarán as condenas penais e as declaracións de concurso

culpable que se ditasen respecto ao prestador e que garden relación directa coa súa actividade comercial ou profesional.

A disposición adicional primeira establece un sistema electrónico de intercambio de información entre as administracións públicas que garante o cumprimento das obrigacións establecidas nesta lei. A disposición adicional segunda permite ampliar o alcance futuro do portelo único. Mediante a disposición adicional terceira establécese o Comité para a mellora da regulación das actividades de servizos como órgano de cooperación multilateral destinado a facilitar a coordinación e o seguimento das actividades que leven a cabo as administracións públicas no proceso de transposición. A disposición adicional cuarta refírese ao sistema de notificación á Comisión Europea de proxectos de normas que poidan estar afectados pola Directiva. A disposición adicional quinta contén o réxime de infraccións e sancións aplicable ao incumprimento das obrigacións de información dos prestadores de servizos e a disposición adicional sexta aclara as referencias ao IVE na Comunidade Autónoma de Canarias e nas cidades de Ceuta e Melilla.

A disposición transitoria aclara o réxime aplicable aos procedementos de autorización iniciados con anterioridade á entrada en vigor da lei. A disposición derogatoria deixa sen vigor cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a ela e especifica a vixencia das disposicións vixentes incompatibles cos capítulos II e III, o artigo 17.1 do capítulo IV e os artigos 24 e 25 do capítulo V.

Tal e como expresa a disposición derradeira primeira, esta lei ten carácter básico e dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.1ª, 13.ª e 18.ª da Constitución española. Segundo se expresa na disposición derradeira segunda, mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva. A disposición derradeira terceira contén as habilitacións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da lei. Doutra banda, a disposición derradeira cuarta establece que as administracións públicas competentes que incumpran o disposto nesta lei, dando lugar a que o Reino de España sexa sancionado polas institucións europeas, asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que deriven de tal incumprimento.

Así mesmo, a disposición derradeira quinta detalla o procedemento de adaptación da normativa vixente para a Administración xeral do Estado e especifica a forma de comunicación do resto das administracións e autoridades públicas co fin de que sexa informada a Comisión Europea sobre as disposicións que incorporan ao dereito interno a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Por último, en virtude da disposición derradeira sexta, a lei entrará en vigor no prazo de trinta días a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, excepto o previsto en materia de portelo único e cooperación administrativa, que entrará en vigor o 27 de decembro de 2009.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto establecer as disposicións xerais necesarias para facilitar a liberdade de establecemento dos prestadores e a libre prestación de servizos, simplificando os procedementos e fomentando, ao mesmo tempo, un nivel elevado de calidade nos servizos, así como evitar a introdución de restricións ao funcionamento dos mercados de servizos que, de acordo co establecido nesta lei, non resulten xustificadas ou proporcionadas.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei aplícase aos servizos que se realizan a cambio dunha contraprestación económica e que son ofrecidos ou prestados en territorio español por prestadores establecidos en España ou en calquera outro Estado membro.

2. Quedan exceptuados do ámbito de aplicación desta lei:
- a) Os servizos non económicos de interese xeral.
 - b) Os servizos financeiros.
 - c) Os servizos e redes de comunicacións electrónicas, así como os recursos e servizos asociados no que se refire ás materias que se rexen pola lexislación sobre comunicacións electrónicas.
 - d) Os servizos no ámbito do transporte, incluídos os transportes urbanos, e da navegación marítima e aérea, incluídos os servizos portuarios e aeroportuarios necesarios para levar a cabo a actividade de transporte, exceptuando a actividade das plataformas lóxicas das empresas e das actividades necesarias para o seu funcionamento.
 - e) Os servizos das empresas de traballo temporal.
 - f) Os servizos sanitarios, incluídos os servizos farmacéuticos, realizados ou non en establecementos sanitarios e independentemente do seu modo de organización e de financiamento a escala estatal e do seu carácter público ou privado, prestados por profesionais da saúde aos seus pacientes, con obxecto de avaliar, manter ou restaurar o seu estado de saúde, cando estas actividades estean reservadas a profesións sanitarias reguladas.
 - g) Os servizos audiovisuais, incluídos os servizos cinematográficos, independentemente do seu modo de produción, distribución e transmisión, e a radiodifusión, exceptuando as actividades de comercio detallista dos produtos audiovisuais.
 - h) As actividades de xogo, incluídas as lotarías, que impliquen apostas de valor monetario.
 - i) As actividades que supoñan o exercicio da autoridade pública, en particular as dos notarios, rexistradores da propiedade e mercantís.
 - j) Os servizos sociais relativos á vivenda social, a atención á infancia e o apoio a familias e persoas temporal ou permanentemente necesitadas provistos directamente polas administracións públicas ou por prestadores privados na medida en que tales servizos se presten en virtude de acordo, concerto ou convenio coa referida administración.
 - k) Os servizos de seguranza privada.

3. Esta lei non se aplicará ao ámbito tributario.

4. En caso de conflito entre as disposicións desta lei e outras disposicións que regulen o acceso a unha determinada actividade de servizos ou o seu exercicio en aplicación de normativa comunitaria, prevalecerán estas últimas naqueles aspectos expresamente previstos na normativa comunitaria de que traian causa.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta lei entenderase por:

1. «Servizo»: calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración, recollida no artigo 50 do Tratado da Comunidade Europea.

2. «Prestador»: calquera persoa física coa nacionalidade de calquera Estado membro, ou residente legal en España, ou calquera persoa xurídica ou entidade constituída de conformidade coa lexislación dun Estado membro, cuxa sede social ou centro de actividade principal se atope dentro da Unión Europea, que ofrezca ou preste un servizo.

3. «Destinatario»: calquera persoa física ou xurídica que utilice ou desexe utilizar un servizo.

4. «Estado membro de establecemento»: o Estado membro en cuxo territorio teña o seu establecemento o prestador do servizo.

5. «Establecemento»: o acceso a unha actividade económica non asalariada e o seu exercicio, así como a constitución e xestión de empresas e, especialmente, de sociedades, nas condicións fixadas pola lexislación, por unha duración indeterminada, en particular por medio dunha infraestrutura estable.

6. «Establecemento físico»: calquera infraestrutura estable a partir da cal se leva a cabo efectivamente unha prestación de servizos.

7. «Autorización»: calquera acto expreso ou tácito da autoridade competente que se exixa, con carácter previo, para o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio.

8. «Requisito»: calquera obrigación, prohibición, condición ou límite ao acceso ao exercicio dunha actividade de servizos previstos no ordenamento xurídico ou derivados da xurisprudencia ou das prácticas administrativas ou establecidos nas normas dos colexios profesionais.

9. «Declaración responsable»: o documento subscrito pola persoa titular dunha actividade empresarial ou profesional no cal declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante a vixencia da actividade.

10. «Régime de autorización»: calquera sistema previsto no ordenamento xurídico ou nas normas dos colexios profesionais que conteña o procedemento, os requisitos e as autorizacións necesarios para o acceso ou exercicio dunha actividade de servizos.

11. «Razón imperiosa de interese xeral»: razón definida e interpretada pola xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, limitadas as seguintes: a orde pública, a seguranza pública, a protección civil, a saúde pública, a preservación do equilibrio financeiro do réxime de seguranza social, a protección dos dereitos, a seguranza e a saúde dos consumidores, dos destinatarios de servizos e dos traballadores, as exixencias da boa fe nas transaccións comerciais, a loita contra a fraude, a protección do ambiente e do medio urbano, a sanidade animal, a propiedade intelectual e industrial, a conservación do patrimonio histórico e artístico nacional e os obxectivos da política social e cultural.

12. «Autoridade competente»: calquera organismo ou entidade que leve a cabo a regulación, ordenación ou control das actividades de servizos, ou cuxa actuación afecte o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio e, en particular, as autoridades administrativas estatais, autonómicas ou locais e os colexios profesionais e, de ser o caso, consellos xerais e autonómicos de colexios profesionais.

13. «Profesión regulada»: a actividade ou conxunto de actividades profesionais cuxo acceso, exercicio ou unha das modalidades de exercicio estean subordinados de maneira directa ou indirecta, en virtude de disposicións legais ou regulamentarias, á posesión de determinadas cualificacións profesionais.

14. «Comunicación comercial»: calquera forma de comunicación destinada a promover, directa ou indirectamente, bens, servizos ou a imaxe dunha empresa, organización ou persoa cunha actividade comercial, industrial ou artesanal ou que exerza unha profesión regulada. Non se consideran comunicacións comerciais:

a) Os datos que permiten acceder directamente á actividade da devandita empresa, organización ou persoa e, concretamente, o nome de dominio ou o enderezo de correo electrónico.

b) A información relativa aos bens, aos servizos ou á imaxe da devandita empresa, organización ou persoa, elaborada de forma independente, especialmente cando se facilitan sen contrapartida económica.

CAPÍTULO II

Liberdade de establecemento dos prestadores de servizos

Artigo 4. *Liberdade de establecemento.*

1. Os prestadores poderanse establecer libremente en territorio español para exercer unha actividade de servizos, sen máis limitacións que as establecidas de acordo co previsto nesta lei.

2. Calquera prestador establecido en España que exerza legalmente unha actividade de servizos poderá exercela en todo o territorio nacional.

3. No caso de réximes de autorización previstos na normativa comunitaria, o disposto neste capítulo non se aplicará a aqueles aspectos expresamente recollidos nela.

Artigo 5. *Réximes de autorización.*

A normativa reguladora do acceso a unha actividade de servizos ou do seu exercicio non poderá impor aos prestadores un réxime de autorización, salvo excepcionalmente e sempre que concorran as seguintes condicións, que se deberán motivar suficientemente na lei que estableza o devandito réxime.

a) Non-discriminación: que o réxime de autorización non resulte discriminatorio, nin directa nin indirectamente, en función da nacionalidade ou de que o establecemento se atope ou non no territorio da autoridade competente ou, polo que se refire a sociedades, por razón do lugar de localización do domicilio social;

b) Necesidade: que o réxime de autorización estea xustificado por unha razón imperiosa de interese xeral, e

c) Proporcionalidade: que o dito réxime sexa o instrumento máis adecuado para garantir a consecución do obxectivo que se persegue porque non existen outras medidas menos restritivas que permitan obter o mesmo resultado, en particular, cando un control a posteriori se producise demasiado tarde para ser realmente eficaz. Así, en ningún caso o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio se suxeitarán a un réxime de autorización cando sexa suficiente unha comunicación ou unha declaración responsable do prestador mediante a cal se manifeste, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos exixidos e se facilite a información necesaria á autoridade competente para o control da actividade.

Artigo 6. *Procedementos de autorización.*

Os procedementos e trámites para a obtención das autorizacións a que se refire esta lei deberán ter carácter regulado, ser claros e inequívocos, obxectivos e imparciais, transparentes, proporcionados ao obxectivo de interese xeral e darse a coñecer con antelación. En todo caso, deberán respectar as disposicións recollidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como garantir a aplicación xeral do silencio administrativo positivo e que os supostos de silencio administrativo negativo constitúan excepcións previstas nunha norma con rango de lei xustificadas por razóns imperiosas de interese xeral.

Artigo 7. *Limitacións temporais e territoriais.*

1. Con carácter xeral, a realización dunha comunicación ou unha declaración responsable ou o outorgamento dunha autorización permitirá acceder a unha actividade de servizos e exercela por tempo indefinido. Só se poderá limitar a duración:

a) Cando a declaración responsable ou a autorización se renove automaticamente ou só estea suxeita ao cumprimento continuo dos requisitos;

b) Cando o número de autorizacións dispoñibles sexa limitado de acordo co seguinte artigo, ou

c) Cando se poida xustificar a limitación da duración da autorización ou dos efectos da comunicación ou a declaración responsable pola existencia dunha razón imperiosa de interese xeral.

Para os efectos previstos neste punto, non ten a consideración de limitación temporal o prazo máximo que se lle poida impor ao prestador para iniciar a súa actividade, que se contará desde o outorgamento da autorización ou desde a realización da comunicación ou a declaración responsable.

2. O disposto no punto anterior non afectará a posibilidade das autoridades competentes de revogar a autorización, en especial cando deixen de cumprirse as condicións para a concesión da autorización.

Así mesmo, cando o acceso á actividade ou o seu exercicio estea condicionado á realización dunha comunicación ou dunha declaración responsable por parte do prestador, a comprobación por parte da Administración pública da inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se tiver achegado ou do incumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procederen.

3. A realización dunha comunicación ou dunha declaración responsable ou o outorgamento dunha autorización permitiralle ao prestador acceder á actividade de servizos e exercela na totalidade do territorio español, mesmo mediante o establecemento de sucursais.

Non obstante o anterior, as administracións públicas poderán outorgar autorizacións ou solicitar comunicacións ou declaracións responsables aos prestadores cuxa eficacia estea limitada a unha parte específica do territorio cando estea xustificado por razóns de orde pública, seguranza pública, saúde pública ou protección do ambiente, resulte proporcionado e non discriminatorio e de forma suficientemente motivada.

Así mesmo, poderase exixir unha autorización, unha comunicación ou unha declaración responsable individual para cada establecemento físico cando estea xustificado por unha razón imperiosa de interese xeral e resulte proporcionado e non discriminatorio. Cando o prestador de servizos xa estea establecido en España e exerza legalmente a actividade, estas autorizacións ou declaracións responsables non poderán recoller requisitos que non estean ligados especificamente ao establecemento físico a partir do cal pretende levar a cabo dita actividade.

Artigo 8. *Limitación do número de autorizacións.*

1. Só se poderá limitar o número de autorizacións cando estea xustificado pola escaseza de recursos naturais ou por inequívocos impedimentos técnicos.

2. Cando o número de autorizacións para realizar unha determinada actividade de servizos estea limitado:

a) O procedemento de concesión polas administracións públicas garantirá o cumprimento dos principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva. No devandito procedemento, as administracións públicas poderán ter en conta consideracións en materia de saúde pública, obxectivos de política social, de saúde e seguranza dos traballadores por conta allea e por conta propia, de protección do ambiente, de conservación do patrimonio cultural e calquera outra razón imperiosa de interese xeral, sempre que estes criterios estean recollidos nas bases reguladoras da concesión das autorizacións e garden relación co obxecto da concesión.

b) A autorización que se conceda terá unha duración limitada e proporcionada atendendo ás características da prestación do servizo e non dará lugar a un procedemento de renovación automática nin comportará, unha vez extinguida a autorización, ningún tipo de vantaxe para o prestador cesante ou para persoas especialmente vinculadas con el.

Artigo 9. *Principios aplicables aos requisitos exixidos.*

1. As administracións públicas non poderán exixir requisitos, controis previos ou garantías equivalentes ou comparables, pola súa finalidade, a aqueles a que xa estea sometido o prestador en España ou noutro Estado membro.

2. Todos os requisitos que supediten o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio se deberán axustar aos seguintes criterios:

- a) Non ser discriminatorios.
- b) Estar xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral.
- c) Ser proporcionados á devandita razón imperiosa de interese xeral.
- d) Ser claros e inequívocos.
- e) Ser obxectivos.
- f) Ser feitos públicos con antelación.
- g) Ser transparentes e accesibles.

3. O acceso a unha actividade de servizo ou o seu exercicio rexerá polo principio de igualdade de trato e non-discriminación.

Artigo 10. *Requisitos prohibidos.*

En ningún caso se supeditará o acceso a unha actividade de servizos en España ou o seu exercicio ao cumprimento do seguinte:

a) Requisitos discriminatorios baseados directa ou indirectamente na nacionalidade, incluído que o establecemento estea ou non no territorio da autoridade competente, ou no domicilio social; e en particular: requisito de nacionalidade ou de residencia para o prestador, o seu persoal, os partícipes no capital social ou os membros dos órganos de xestión e supervisión.

b) Prohibición de estar establecido en varios Estados membros ou de estar inscrito nos rexistros ou colexios ou asociacións profesionais de varios Estados membros.

c) Limitacións da liberdade do prestador para elixir entre un establecemento principal ou secundario e, especialmente, a obriga de que o prestador teña o seu establecemento principal no territorio español, ou limitacións da liberdade de elección entre establecemento en forma de sucursal ou de filial.

d) Condicións de reciprocidade con outro Estado membro no cal o prestador teña xa o seu establecemento, con excepción das previstas nos instrumentos comunitarios en materia de enerxía.

e) Requisitos de natureza económica que supediten a concesión da autorización á proba da existencia dunha necesidade económica ou dunha demanda no mercado, a que se avalíen os efectos económicos, posibles ou reais, da actividade ou a que se faga unha apreciación de se a actividade se axusta aos obxectivos de programación económica fixados pola autoridade competente ou a que se comercialicen produtos ou servizos dun tipo ou procedencia determinada. As razóns imperiosas de interese xeral que se invoquen non poderán encubrir requisitos de planificación económica.

f) Intervención directa ou indirecta de competidores, mesmo dentro de órganos consultivos, na concesión de autorizacións ou na adopción doutras decisións das autoridades competentes relativas ao establecemento para o exercicio dunha actividade de servizos, sen prexuízo da actuación de colexios profesionais e consellos xerais e autonómicos de colexios profesionais, como autoridades competentes, no ámbito das competencias que lles outorga a lei. Esta prohibición esténdese a organismos como as cámaras de comercio e aos interlocutores sociais no que concirne ao outorgamento de autorizacións individuais, pero esa prohibición non afectará a consulta de organismos como as cámaras de comercio ou dos interlocutores sociais sobre asuntos distintos ás solicitudes de autorización individuais, nin unha consulta do público en xeral.

g) Obrigación de que a constitución de garantías financeiras ou a subscripción dun seguro se deban realizar cun prestador ou organismo establecido no territorio español.

h) Obrigación de ter estado inscrito con carácter previo, durante un período determinado, nos rexistros de prestadores existentes no territorio español ou de ter exercido previamente a actividade durante un período determinado no dito territorio.

Artigo 11. *Requisitos de aplicación excepcional suxeitos a avaliación previa.*

1. A normativa reguladora do acceso a unha actividade de servizos ou do seu exercicio non deberá supeditar o devandito acceso ou exercicio a:

a) Restricións cuantitativas ou territoriais e, concretamente, límites fixados en función da poboación ou dunha distancia mínima entre prestadores. Os fins económicos, como o de garantir a viabilidade económica de determinados prestadores, non se poderán invocar como xustificación de restricións cuantitativas ou territoriais.

b) Requisitos que obriguen o prestador a se constituír adoptando unha determinada forma xurídica; así como a obrigación de constituírse como entidade sen ánimo de lucro.

c) Requisitos relativos á participación no capital dunha sociedade, en concreto, a obrigación de dispor dun capital mínimo para determinadas actividades ou ter unha cualificación específica para posuír o capital social ou xestionar determinadas sociedades.

d) Requisitos distintos dos exixidos para o acceso ás profesións reguladas, recollidos na Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, que reserven o acceso a unha actividade de servizos a unha serie de prestadores concretos debido á índole específica da actividade.

e) A prohibición de dispor de varios establecementos no territorio español.

f) Requisitos relativos á composición do persoal, tales como ter un número determinado de empregados, xa sexa no total do persoal ou en categorías concretas, ou á obrigación de contratar cunha procedencia ou modalidade determinada.

g) Restricións á liberdade de prezos, tales como tarifas mínimas ou máximas, ou limitacións aos descontos.

h) A obrigación do prestador de realizar, xunto co seu servizo, outros servizos específicos ou de ofrecer unha determinada gama ou variedade de produtos.

2. No entanto, excepcionalmente, poderase supeditar o acceso a unha actividade de servizos ou ao seu exercicio ao cumprimento dalgún dos requisitos do punto anterior cando, de conformidade co artigo 5 desta lei, non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados.

En todo caso, a concorrencia destas condicións deberá ser notificada á Comisión Europea segundo o disposto na disposición adicional cuarta e deberá estar suficientemente motivada na normativa que estableza tales requisitos.

CAPÍTULO III

Libre prestación de servizos para prestadores doutro Estado membro

Artigo 12. *Libre prestación de servizos.*

1. Os prestadores establecidos en calquera outro Estado membro poderán prestar servizos en territorio español en réxime de libre prestación sen máis limitacións que as establecidas de acordo co previsto nesta lei.

2. En ningún caso o exercicio dunha actividade de servizos por estes prestadores en territorio español poderá ser restrinxido mediante:

a) A obrigación de que o prestador estea establecido no territorio español.

b) A obrigación de que o prestador obteña unha autorización concedida por autoridades españolas, ou deba inscribirse nun rexistro ou nun colexio ou asociación profesional española.

c) A prohibición de que o prestador procure para si no territorio nacional certa forma ou tipo de infraestrutura, incluída unha oficina ou un gabinete, necesaria para levar a cabo as correspondentes prestacións.

d) Exixencias que impidan ou limiten a prestación de servizos como traballador autónomo.

e) A obrigação de que o prestador obteña das autoridades españolas un documento de identificación específico.

f) A exixencia de requisitos sobre o uso de determinados equipamentos e material que formen parte integrante da prestación do servizo, salvo por motivos de saúde e seguraza no traballo.

g) As restricións recollidas no artigo 16 desta lei.

3. Excepcionalmente, poderase supeditar o acceso destes prestadores a unha actividade de servizos ou o seu exercicio temporal en territorio español ao cumprimento dos requisitos que en cada caso determine a lexislación sectorial aplicable, unicamente cando estean xustificadas por razóns de orde pública, de seguraza pública, de saúde pública ou de protección do ambiente, e sexan, de conformidade co artigo 5 desta lei, proporcionados e non discriminatorios e de forma suficientemente motivada.

A concorrencia destas condicións deberá ser notificada á Comisión Europea segundo o disposto na disposición adicional cuarta e deberá estar suficientemente motivada na normativa que estableza tales requisitos.

Artigo 13. *Excepcións á libre prestación de servizos.*

1. O disposto no artigo anterior non será de aplicación aos seguintes servizos:

a) Os servizos de recollida, clasificación, transporte e distribución dos envíos postais no ámbito do servizo postal.

b) A xeración, o transporte, a distribución e a subministración de electricidade.

c) O transporte, a distribución, a subministración, o almacenamento, a regasificación e o aprovisionamento de gas natural.

d) Os servizos de distribución e subministración de auga, e os servizos de augas residuais.

e) O tratamento de residuos e a vixilancia e control do seu traslado.

2. Tampouco se aplicará a prohibición de establecer restricións á libre prestación de servizos ás seguintes materias e actividades, exclusivamente naqueles aspectos expresamente previstos pola súa normativa específica:

a) As materias que abarca a Directiva 96/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1996, sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos.

b) A libre prestación de servizos dos avogados, de acordo coa Directiva 77/249/CEE do Consello das Comunidades Europeas, do 22 de marzo de 1977, encamiñada a facilitar o exercicio efectivo da libre prestación de servizos dos avogados.

c) As materias a que se refire o título II da Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, incluídos os requisitos dos Estados membros en que se presta o servizo polos que se reserva unha actividade a unha determinada profesión.

d) Os asuntos cubertos pola Directiva 2006/43/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2006, relativa á auditoría legal das contas anuais e das contas consolidadas.

Artigo 14. *Medidas excepcionais por motivos de seguraza dos servizos.*

1. En casos excepcionais, e unicamente por motivos de seguraza dos servizos, as autoridades competentes poderán adoptar, para prestadores concretos, medidas restritivas da liberdade de prestación dos servizos, mediante resolución suficientemente motivada.

2. Estas medidas excepcionais unicamente se poderán adoptar cando concorran, conxuntamente, as seguintes condicións:

- a) Que a norma en virtude da cal se adopta a medida non sexa obxecto de harmonización comunitaria no ámbito de seguranza dos servizos.
- b) Que a medida lle ofrezca ao destinatario do servizo unha protección maior que a adoptada polo Estado membro de establecemento, ou que este non adopte ningunha ou sexa insuficiente.
- c) Que a medida sexa proporcionada.

Artigo 15. *Procedemento aplicable para a adopción de medidas excepcionais por motivos de seguranza dos servizos.*

1. Antes de adoptaren algunha das medidas previstas no artigo anterior, as autoridades competentes solicitarán ás autoridades do Estado membro de establecemento, a través do punto de contacto previsto no artigo 27.2 desta lei, que adopte medidas respecto ao prestador de que se trate e facilitarán todos os datos pertinentes sobre o servizo en cuestión e sobre as circunstancias do caso.

2. Unha vez que as autoridades do Estado membro de establecemento comuniquen as medidas que vaian adoptar, ou xa adoptaron ou por que motivos non tomaron ningunha medida, as autoridades competentes notificarán, se é o caso, a través do punto de contacto, á Comisión Europea e ás autoridades do Estado membro de establecemento a súa intención de adoptar medidas indicando:

- a) Os motivos por que considera que as medidas adoptadas ou previstas polo Estado membro de establecemento son insuficientes.
- b) Os motivos por que considera que as medidas que prevé adoptar cumpren as condicións previstas no artigo 14 desta lei.

3. As medidas unicamente se poderán adoptar unha vez transcorridos quince días hábiles a partir da notificación prevista no punto anterior.

4. Nos casos en que por motivos de urxencia non se poida aplicar o procedemento establecido nos puntos anteriores, as autoridades competentes notificarán inmediatamente, a través do punto de contacto, as medidas adoptadas á Comisión Europea e ao Estado membro de establecemento, indicando os motivos da urxencia.

5. As solicitudes de medidas restritivas por motivos de seguranza requiridas por outros Estados membros a autoridades competentes españolas realizaranse a través do punto de contacto.

Artigo 16. *Restricións e discriminacións prohibidas.*

1. Non se lles poderán impor aos destinatarios dos servizos requisitos que restrinxan a utilización dos servizos ofrecidos por un prestador establecido noutro Estado membro.

2. En particular, non se lle poderán impor ao destinatario dos servizos requisitos que impliquen:

- a) A obrigaón de obter unha autorización ou de facer unha declaración ante as autoridades españolas.
- b) Limitacións discriminatorias nas posibilidades de concesión de axudas ou vantaxes económicas en función do lugar de establecemento do prestador ou do lugar de execución da prestación.

3. Os prestadores de servizos non poderán impor aos destinatarios requisitos nin condicións xerais de acceso aos servizos que sexan discriminatorios por razón da súa nacionalidade ou lugar de residencia, sen que isto menoscabe a posibilidade de establecer diferenzas nas condicións de acceso directamente xustificadas por criterios obxectivos.

CAPÍTULO IV

Simplificación administrativaArtigo 17. *Simplificación de procedementos.*

1. As administracións públicas revisarán os procedementos e trámites aplicables ao establecemento e á prestación de servizos co obxecto de impulsar a súa simplificación.

2. Así mesmo, para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos para o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio, as autoridades competentes aceptarán os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos.

3. No caso de documentos emitidos por unha autoridade competente, xa sexa en España ou noutro Estado membro, non se exixirá a presentación de documentos orixinais ou copias compulsadas nin traducións xuradas, salvo nos casos previstos pola normativa comunitaria, ou xustificadas por motivos de orde pública e de seguranza pública. No entanto, a autoridade competente poderá solicitar doutra autoridade competente a confirmación da autenticidade do documento presentado.

4. Todos os procedementos e trámites que supeditan o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio se poderán realizar electronicamente e a distancia salvo que se trate da inspección do lugar ou do equipamento que se utiliza na prestación do servizo.

Artigo 18. *Portelo único.*

1. Os prestadores de servizos poderán acceder, electronicamente e a distancia a través dun portelo único, tanto á información sobre os procedementos necesarios para o acceso a unha actividade de servizos e para o seu exercicio, como á realización dos trámites preceptivos para iso, incluíndo as declaracións, notificacións ou solicitudes necesarias para obter unha autorización, así como as solicitudes de inscrición en rexistros, listas oficiais, asociacións, colexios profesionais e consellos xerais e autonómicos de colexios profesionais.

2. As administracións públicas garantirán que os prestadores de servizos poidan, a través do portelo único:

- a) Obter toda a información e formularios necesarios para o acceso á súa actividade e para o seu exercicio.
- b) Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias.
- c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan a condición de interesado e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e da súa resolución polo órgano administrativo competente.

3. Así mesmo, as administracións públicas adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para garantir a interoperabilidade dos distintos sistemas.

Artigo 19. *Garantías de información a través do portelo único.*

1. Os prestadores e os destinatarios teñen o dereito a obter, a través do portelo único e por medios electrónicos, a seguinte información, que deberá ser clara e inequívoca:

- a) Os requisitos aplicables aos prestadores establecidos en territorio español, en especial os relativos aos trámites necesarios para acceder ás actividades de servizos e o seu exercicio, así como os datos das autoridades competentes que permitan pórse en contacto directamente con elas.
- b) Os medios e condicións de acceso aos rexistros e bases de datos públicos relativos aos prestadores e aos servizos.

c) As vías de reclamación e os recursos que se poderán interpor en caso de litixio entre as autoridades competentes e o prestador ou o destinatario, ou entre un prestador e un destinatario, ou entre prestadores.

d) Os datos das asociacións sectoriais de prestadores de servizos e as organizacións de consumidores que presten asistencia aos prestadores e destinatarios dos servizos.

2. As administracións públicas adoptarán medidas para que no portelo único se poida acceder á información recollida neste artigo en castelán, nas linguas cooficiais do Estado e nalgunha outra lingua de traballo comunitaria.

3. Así mesmo, facilitarase que os prestadores e os destinatarios poidan obter por medios electrónicos e a distancia, en particular a través dos portelos únicos doutros Estados membros, o acceso a:

a) Información xeral sobre os requisitos aplicables nos demais Estados membros ao acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio e, en especial, a información relacionada coa protección dos consumidores.

b) Información xeral sobre as vías de recurso dispoñibles en caso de litixio entre o prestador e o destinatario noutros Estados membros.

c) Datos das asociacións ou organizacións doutros Estados membros, incluídos os centros da Rede de centros europeos dos consumidores, que poden ofrecer aos prestadores ou destinatarios asistencia práctica.

4. O dereito á información contido neste artigo non exige ás autoridades competentes que faciliten asesoramento xurídico en casos particulares.

CAPÍTULO V

Política de calidade dos servizos

Artigo 20. *Fomento da calidade dos servizos.*

As administracións públicas e demais autoridades competentes fomentarán un elevado nivel da calidade dos servizos. En particular:

a) Impulsarán que os prestadores aseguren de forma voluntaria a calidade dos seus servizos por medio, entre outros, dos seguintes instrumentos:

i) A avaliación ou certificación das súas actividades por parte de organismos independentes.

ii) A elaboración da súa propia carta de calidade ou a participación en cartas ou etiquetas de calidade elaboradas por organizacións empresariais ou profesionais a nivel comunitario.

Así mesmo, favorecerán a difusión da información relativa aos devanditos instrumentos.

b) Fomentarán o desenvolvemento da avaliación independente da calidade dos servizos, especialmente polas organizacións de consumidores, e para iso promoverán a cooperación a nivel comunitario das organizacións de consumidores coas cámaras de comercio, os colexios profesionais e, de ser o caso, os consellos xerais e autonómicos de colexios profesionais.

c) Promoverán a participación de colexios profesionais e, se é o caso, dos consellos xerais e autonómicos de colexios, das organizacións profesionais e das cámaras de comercio na elaboración a escala comunitaria de códigos de conduta destinados a facilitar a libre prestación de servizos ou o establecemento dun prestador doutro Estado membro, respectando en calquera caso as normas de defensa da competencia.

d) Impulsarán inspeccións administrativas e controis periódicos, así como o deseño e reforzamento de plans de inspección.

Artigo 21. *Seguros e garantías de responsabilidade profesional.*

1. Poderáselles exixir aos prestadores de servizos, en norma con rango de lei, a subscripción dun seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo naqueles casos en que os servizos que presten presenten un risco directo e concreto para a saúde ou para a seguranza do destinatario ou dun terceiro, ou para a seguranza financeira do destinatario.

A garantía exixida deberá ser proporcionada á natureza e ao alcance do risco cuberto.

2. Cando un prestador que se estableza en España xa estea cuberto por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro no cal xa estea establecido, considerarase cumprida a exixencia a que se refire o punto anterior. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, poderase exixir a ampliación do seguro ou outra garantía ata completar as condicións que se establecesen na norma que o regula.

3. No caso de seguros ou outras garantías subscritas con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptaranse, para os efectos de acreditación, os certificados emitidos por estas.

Artigo 22. *Obrigacións de información dos prestadores.*

1. Sen prexuízo das obrigacións de información establecidas na lexislación de protección dos consumidores e usuarios que resulte de aplicación, os prestadores de servizos, coa debida antelación, porán á disposición dos destinatarios toda a información exixida neste artigo de forma clara e inequívoca, antes da celebración do contrato ou, de ser o caso, antes da prestación do servizo.

2. Os prestadores proporcionaranlle ao destinatario, de forma facilmente accesible, a información seguinte:

a) Os datos de identidade, forma e réxime xurídico, número de identificación fiscal do prestador, enderezo onde ten o seu establecemento, e os datos que permitan pórse rapidamente en contacto con el e, de ser o caso, por vía electrónica.

b) Datos rexistrados do prestador do servizo.

c) Os datos da autoridade que, se é o caso, outorgue a autorización.

d) Nas profesións reguladas, a cualificación profesional e o Estado membro en que foi outorgada, así como, de ser o caso, o colexio profesional, a asociación profesional ou organismo análogo en que estea inscrito o prestador.

e) As condicións e cláusulas xerais, e as relativas á lexislación e xurisdición aplicable ao contrato.

f) Garantías posvenda adicionais ás exixidas por lei, de ser o caso.

g) O prezo completo do servizo, incluídos os impostos, cando o prestador fixe previamente un prezo para un determinado tipo de servizo.

h) As principais características do servizo ou servizos que ofrezca.

i) De ser o caso, o seguro ou garantías exixidas e, en particular, os datos do asegurador e da cobertura xeográfica do seguro.

j) No caso de que o prestador exerza unha actividade suxeita ao IVE, o número de identificación fiscal.

k) Lingua ou linguas en que se poderá formalizar o contrato, cando esta non sexa a lingua en que se lle ofreceu a información previa á contratación.

l) Existencia do dereito de desistencia do contrato que poida corresponder ao consumidor, o prazo e a forma de exercelo.

3. Por petición do destinatario, os prestadores porán á disposición daquel a seguinte información complementaria:

a) Cando o prezo non o fixe previamente o prestador, o prezo do servizo ou, se non se pode indicar aquel, o método para calculalo; ou un orzamento suficientemente detallado.

b) Data de entrega, execución do contrato e duración.

c) No caso das profesións reguladas: referencia ás normas de acceso á profesión no Estado membro de establecemento e os medios para acceder ás devanditas normas.

d) A información relativa ás súas actividades multidisciplinares, posibles conflitos de interese e as medidas adoptadas para evitalos. Esta información deberá figurar en todo documento informativo dos prestadores en que se presenten de forma detallada os seus servizos.

e) Os posibles códigos de conduta a que estea sometido o prestador, así como o enderezo en que os ditos códigos se poden consultar por vía electrónica e en que idiomas están dispoñibles.

f) Información detallada sobre as características e condicións para facer uso dos medios extraxudiciais de resolución de conflitos cando estean suxeitos a un código de conduta ou sexan membros dalgunha organización profesional en que se prevexan estes mecanismos.

4. Toda a información a que se refiren os puntos anteriores será posta á disposición do destinatario polo prestador, nalgunha das formas seguintes:

a) No lugar de prestación do servizo ou de celebración do contrato.

b) Por vía electrónica a través dun enderezo facilitado polo prestador.

c) Figurando a dita información en todo documento informativo do prestador que se lle facilite ao destinatario e no cal se presenten de forma detallada os seus servizos.

d) Por vía electrónica a través dunha páxina web.

Artigo 23. *Obrigações dos prestadores en materia de reclamacións.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 21 do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e noutras leis complementarias, os prestadores porán á disposición dos destinatarios un número de teléfono, un enderezo postal, un número de fax ou un enderezo de correo electrónico, co fin de que estes poidan dirixir as súas reclamacións ou peticións de información sobre o servizo prestado, e comunicarán o seu enderezo legal se este non coincide co seu enderezo habitual para a correspondencia.

2. Así mesmo, deberán dar resposta ás reclamacións a que se refire o punto anterior no prazo máis breve posible e en calquera caso antes dun mes desde que fosen recibidas polo prestador.

3. A resposta realizarase na mesma lingua en que se realizou o contrato.

Artigo 24. *Comunicacións comerciais das profesións reguladas.*

1. Garántese a liberdade das comunicacións comerciais nas profesións reguladas.

2. Non se poderán establecer prohibicións totais ás comunicacións comerciais nas profesións reguladas. As limitacións que se poidan impor non poderán ser discriminatorias, deberán estar sempre xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e serán proporcionadas.

Artigo 25. *Actividades multidisciplinares.*

1. Os prestadores de servizos non poderán ser obrigados ao exercicio dunha única actividade de forma exclusiva, ben sexa a través da imposición de requisitos que obriguen a exercer de forma exclusiva unha actividade específica, ben sexa mediante a imposición de requisitos que restrinxan o exercicio conxunto ou en asociación de distintas actividades.

2. No entanto, para garantir a súa independencia e imparcialidade, así como para previr conflitos de intereses, poderanse ver suxeitos por lei aos requisitos a que se refire o punto anterior:

a) As profesións reguladas, na medida en que sexa necesario para garantir o cumprimento de requisitos deontolóxicos distintos e incompatibles debidos ao carácter específico de cada profesión, sempre que estes se xustifiquen de acordo cos principios establecidos no artigo 5 desta lei.

b) Os prestadores que realicen servizos de certificación, acreditación, control técnico, probas ou ensaios.

Artigo 26. *Accións de cesación.*

Fronte ás condutas que infrinxan o disposto nesta lei susceptibles de lesionar os intereses colectivos ou difusos dos consumidores e usuarios, poderase exercer a acción de cesación prevista no artigo 53 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias. Para o seu exercicio estarán lexitimados os suxeitos previstos no artigo 54.1 da devandita lei.

CAPÍTULO VI

Cooperación administrativa para o control efectivo dos prestadores

Artigo 27. *Obrigacións xerais de cooperación.*

1. Co fin de garantir a supervisión dos prestadores e dos seus servizos, as administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, cooperarán, para efectos de información, control, inspección e investigación, entre si, coas autoridades competentes dos demais Estados membros e coa Comisión Europea.

2. As relacións con outros Estados membros e coa Comisión Europea previstas nesta lei organizaranse a través da designación de diferentes puntos de contacto na Administración xeral do Estado e nas comunidades autónomas.

Porén, creárase un punto de contacto de coordinación na Administración xeral do Estado ao cal se remitirán todas as comunicacións de calquera Administración coa Comisión Europea e outros Estados membros, co fin de coordinar todas as actuacións no marco da transposición e aplicación da Directiva.

3. As autoridades competentes españolas e as de calquera Estado membro poderán consultar nas mesmas condicións os rexistros nos cales estean inscritos os prestadores, respectando en todo caso as normas sobre protección de datos persoais.

4. As solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións realizadas polas autoridades competentes españolas con relación aos prestadores establecidos no territorio doutro Estado membro ou os seus servizos estarán debidamente motivadas. A información obtida empregarase unicamente para a finalidade para a cal se solicitou.

5. No caso de que non se puideren atender de forma inmediata as solicitudes realizadas polas autoridades competentes doutros Estados membros, as autoridades competentes españolas comunicaránllelo ás autoridades solicitantes a través do punto de contacto.

6. Nos casos en que as autoridades competentes doutro Estado membro non cumpran co deber de cooperación, as autoridades españolas competentes, a través do punto de contacto, informarán respecto diso a Comisión Europea.

Artigo 28. *Obrigacións de información dos prestadores.*

Sen prexuízo do deber dos prestadores de atender os requirimentos de información formulados polas autoridades competentes, deberán informar, a través do correspondente portelo único, dos cambios que afecten as condicións que determinaron o outorgamento da autorización.

A dita información comunicarase na lingua ou linguas facilitadas no portelo único.

Artigo 29. *Supervisión de prestadores establecidos en territorio español.*

1. As autoridades competentes españolas facilitarán a información que lles soliciten as autoridades competentes doutro Estado membro sobre os prestadores que estean establecidos en España.

2. As autoridades competentes españolas procederán ás comprobacións, inspeccións e investigacións sobre prestadores establecidos no seu territorio que lles soliciten de maneira motivada as autoridades competentes doutro Estado membro e informarán estas dos resultados e, cando cumpra, das medidas adoptadas.

3. As autoridades competentes españolas velarán polo cumprimento dos requisitos impostos ao prestador establecido en territorio español, aínda que o servizo de que se trate se preste ou provoque prexuízos noutro Estado membro.

4. Cando as autoridades competentes doutro Estado membro soliciten ás autoridades competentes españolas a adopción de medidas excepcionais en casos individuais por motivos de seguranza, ás cales se refire o artigo 14 desta lei, con relación a un prestador establecido en territorio español, estas últimas comprobarán canto antes se o dito prestador exerce as súas actividades de forma legal, así como os feitos que deron lugar á petición. As autoridades competentes comunicarán de forma inmediata, a través do seu punto de contacto, as medidas que adoptaron ou previron ou, se é o caso, os motivos polos cales non adoptaron ningunha medida.

Artigo 30. *Supervisión de prestadores establecidos noutro Estado membro.*

1. As autoridades competentes españolas serán responsables da supervisión da actividade dos prestadores establecidos noutros Estados membros que presten servizos en territorio español en relación cos requisitos sobre a libre prestación de servizos que se poidan impor conforme o artigo 12.3 desta lei, e en particular:

a) Tomarán todas as medidas necesarias para garantir que o prestador respecta eses requisitos.

b) Procederán a realizar as comprobacións, inspeccións e investigacións necesarias para supervisar o servizo prestado.

2. En relación cos requisitos distintos aos mencionados no punto anterior, en caso de desprazamento temporal dun prestador establecido noutro Estado membro para prestar un servizo, as autoridades competentes españolas procederán, por petición motivada das autoridades do Estado membro de establecemento, ás comprobacións, inspeccións e investigacións que sexan necesarias para garantir a eficacia da supervisión das devanditas autoridades e que consideren máis adecuadas para tal fin.

3. En todo caso, as autoridades españolas competentes poderán, por propia iniciativa, proceder a comprobacións, inspeccións e investigacións *in situ*, sempre que sexan proporcionadas, non discriminatorias e non estean motivadas polo feito de que o prestador teña o seu establecemento noutro Estado membro.

Artigo 31. *Mecanismo de alerta.*

Se as autoridades competentes tiveren coñecemento de actos ou circunstancias específicos de carácter grave relativos a unha actividade ou a un prestador de servizos que poidan ocasionar prexuízos graves para a saúde ou a seguranza das persoas ou o ambiente en calquera parte do territorio da Unión Europea, aquelas informarán inmediatamente os Estados membros e a Comisión Europea a través do punto de contacto.

Artigo 32. *Información sobre a honorabilidade do prestador.*

1. Por solicitude motivada das autoridades competentes doutro Estado membro comunicaranse, respectando a lexislación vixente, as medidas disciplinarias e as sancións

administrativas firmes adoptadas por calquera autoridade competente española, incluídos os colexios profesionais, respecto ao prestador, e que garden relación directa coa súa actividade comercial ou profesional, ben porque se consentiu en vía administrativa, ben porque alcanzaron firmeza ante a xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se comunicarán as condenas penais e as declaracións de concurso culpable que se ditasen respecto ao prestador e que garden relación directa coa súa actividade comercial ou profesional, precisando se son ou non firmes e, se é o caso, os recursos interpostos e os prazos para a resolución destes. A dita comunicación deberá precisar as disposicións nacionais conforme as cales se condenou ou sancionou o prestador.

A aplicación do anterior deberase facer respectando as normas sobre protección dos datos persoais e os dereitos garantidos ás persoas condenadas ou sancionadas segundo o ordenamento xurídico español, mesmo por colexios profesionais.

2. A autoridade competente española comunicarlle ao prestador que tal información foi subministrada a unha autoridade competente doutro Estado membro.

Disposición adicional primeira. *Intercambio electrónico de información.*

As administracións públicas disporán dun sistema electrónico de intercambio de información entre elas e coas dos demais Estados membros que garanta o cumprimento das obrigacións establecidas nesta lei.

Disposición adicional segunda. *Inclusión doutros trámites no portelo único.*

O portelo único poderá incorporar trámites non incluídos no ámbito de aplicación desta lei, entre eles os que se realizan ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguranza Social, e aqueles outros que se consideren necesarios.

Disposición adicional terceira. *Comité para a mellora da regulación das actividades de servizos.*

Para facilitar a participación das administracións públicas no proceso de transposición ao ordenamento interno da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, e no marco do establecido no artigo 5, puntos 1 e 7, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, créase un comité de cooperación multilateral, do cal formarán parte a Administración xeral do Estado, as comunidades e cidades autónomas e representantes da Administración local. Este comité terá como obxecto facilitar a cooperación para a mellora da regulación das actividades de servizos e, en particular, o seguimento e a coordinación das actuacións que se leven a cabo nas diferentes administracións para a correcta transposición da Directiva.

Disposición adicional cuarta. *Notificación á Comisión Europea.*

O órgano administrativo competente comunicará ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, antes da súa aprobación e nos termos e polas canles que se establezan regulamentariamente, calquera proxecto de norma legal ou regulamentaria no cal se prevexan requisitos do artigo 11.1 desta lei, incorporando unha memoria xustificativa en que se motive a súa compatibilidade cos criterios do artigo 11.2, ou requisitos do artigo 12.2, incorporando unha memoria xustificativa en que se motive a súa compatibilidade cos criterios do artigo 12.3, para a súa posterior notificación á Comisión Europea.

Disposición adicional quinta. *Réxime de infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento das obrigacións de información e en materia de reclamacións dos prestadores de servizos recollidas nesta lei, cando os destinatarios da información sexan consumidores e usuarios, aplicarase o réxime de infraccións e sancións previsto no

título IV do libro I do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias.

Disposición adicional sexta. *Imposto xeral indirecto canario e imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.*

As referencias feitas ao imposto sobre o valor engadido débense entender feitas, de ser o caso, ao imposto xeral indirecto canario ou ao imposto sobre a produción, os servizos e a importación das cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición transitoria. *Réxime transitorio.*

1. Os procedementos de autorización iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei tramitaranse e resolveranse pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude. Se a tramitación e resolución se produce a partir do 28 de decembro de 2009 e a normativa de aplicación inclúe requisitos prohibidos segundo o artigo 10 desta lei, estes non serán tidos en conta polo órgano competente. No entanto, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa.

2. Mentres non se aprobe o desenvolvemento regulamentario a que se refire a disposición adicional cuarta, referida ás notificacións á Comisión Europea, estas realizaranse a través da Secretaría de Estado para a Unión Europea.

3. A eventual revisión ou avaliación da normativa reguladora do procedemento de autorización non poderá constituír elemento para a non concesión das autorizacións solicitadas.

Disposición derogatoria.

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

2. No entanto, as disposicións vixentes no momento da entrada en vigor desta lei que resulten incompatibles cos capítulos II, III, o artigo 17.1 do capítulo IV e os artigos 24 e 25 do capítulo V manterán a súa vixencia ata que sexan obxecto de reforma expresa e, en todo caso, quedarán derogadas o 27 de decembro de 2009.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei, que ten carácter básico, dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.1.^a, 13.^a e 18.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa e cumprimento.*

1. Correspóndelles ás administracións públicas competentes, no seu respectivo ámbito territorial, aprobar as normas de desenvolvemento e execución desta lei.

2. Autorízase o Goberno para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei. En particular, o Goberno desenvolverá regulamentariamente o disposto na disposición adicional cuarta, referida ás notificacións á Comisión Europea.

Disposición derradeira cuarta. *Compensación de débedas en caso de responsabilidade por incumprimento.*

As administracións públicas que, no exercicio das súas competencias, incumprisen o disposto nesta lei ou no dereito comunitario afectado, dando lugar a que o Reino de España sexa sancionado polas institucións europeas, asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que de tal incumprimento derivaren. A Administración do Estado poderá compensar a dita débeda contraída pola Administración responsable coa Facenda Pública estatal coas cantidades que deba transferir a aquela, de acordo co procedemento regulado na Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. En todo caso, no procedemento de imputación de responsabilidade que se tramite garantirase a audiencia da Administración afectada.

Disposición derradeira quinta. *Adaptación da normativa vixente.*

1. No prazo dun mes, a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno someterá ás Cortes Xerais un proxecto de lei no cal, no marco das súas competencias, se proceda á adaptación das disposicións vixentes con rango legal ao disposto nesta lei.

2. Co fin de facer posible o cumprimento da obrigaición contida no artigo 44 da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, as comunidades e cidades autónomas e as entidades locais comunicarán á Administración xeral do Estado, antes do 26 de decembro de 2009, as disposicións legais e regulamentarias da súa competencia que modificasen para adaptar o seu contido ao establecido na Directiva e nesta lei.

3. A obrigaición prevista no punto anterior será, así mesmo, de aplicación aos colexios profesionais e a calquera autoridade pública respecto das disposicións da súa competencia que se vexan afectadas por esta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor no prazo de trinta días a partir do día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto o previsto nos artigos 17.2, 17.3, 17.4, 18 e 19 do capítulo IV e no capítulo VI, que entrará en vigor o 27 de decembro de 2009.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de novembro de 2009

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO